CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

5. Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)

5.1. Introducción e xustificación

O programa de mellora de aprendizaxe e rendemento é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que combina unha adaptación curricular significativa e medidas organizativas específicas.

Na planificación educativa do PMAR tivemos presente a atención á diversidade dunha forma global. Sen embargo, é posible ter presente a atención a diversidade do alumnado que forma parte do programa e iso fai que recapitulemos naquelas situacións que poidan supoñer unha diversidade no grupo.

As medidas de atención á diversidade terán en conta dous tipos de situacións partindo dos contidos curriculares:

- Situación na que o alumnado debido a súa problemática personal presenta un progreso máis lento. Nestes casos axustaranse os contidos mínimos.
- Situacións nas que o alumnado presenta un maior desenvolvemento das súas capacidades daraselle a posibilidade de traballar ampliacións das mesmas e traballos de búsqueda de información.

A atención á diversidade contéplase en tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais:

- A atención á diversidade na programación.

Os criterios de programación que responden a necesidade de atender á diversidade do alumnado máis destacados son:

1. A secuenciación nun orden crecente de dificultade e de especialización.
 2. A programación de contidos para a adquisición de métodos, técnicas e estratexias. A finalidade perseguida é que cada alumno poida desenvolver un traballo autónomo que lle permita progresar o seu ritmo.
 3. A programación de actividades de motivación, ideas previas, de desenvolvemento, de síntesis e resumo, de recuperación, de ampliación, de avaliación, etc .
- Atención á diversidade nas metodoloxías:

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula.

- Atención á diversidade nos materiais utilizados:

Os materiais empregados son moi variados e, é preferible que sexan elaborados polo profesorado (sobre todo nos ámbitos). Nas materias comúns os materiais son os mesmos utilizados polo grupo-clase independentemente de que o profesorado leve a cabo as adaptacións que considere oportunas.

5.2. Características específicas do alumnado de PMAR.

A planificación curricular do Programa de Mellora de Aprendizaxe e Rendemento está deseñada para un perfil moi concreto de alumnado. Frente a heteroxeneidade do grupo ordinario, este alumnado ofrece a ventaxa de ter bastantes características comúns; é alumnado que non acada os obxectivos mínimos nun grupo normal polas seguintes circunstancias:

- Presentan dificultades relevantes de aprendizaxe que lles impiden seguir o ritmo da clase normal. Estas dificultades están relacionadas coas seguintes capacidades:
 - Resolver problemas abstractos, descubrir e seguir series lóxicas.
 - Razonar con conceptos matemáticos, aplicar o razonamento aritmético e usar con rapidez e seguridade o cálculo mental.
 - Comprender as ideas e conceptos expresados con palabras e razonar sobre eles.
 - Aplicar o coñecemento das regras ortográficas.
- Dificultades de integración no gran grupo, que provoca un rexeitamento polo proceso de aprendizaxe.
- Amosan boa disposición para o traballo escolar.
- Existen expectativas razoables que coa incorporación ao programa poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

Estas dificultades poden superarse nun grupo máis reducido de alumnado. Por un lado, facilítalle ao profesorado un contacto máis directo, amplo e unha atención máis individualizada; por outro, serve para ampliar o ámbito de actividades do curso cara métodos prácticos (sempre máis aceptados polo alumnado) e máis instrumentais, que normalmente se lle adica menos tempo nun grupo ordinario.

As condicións nas que se desenvolven os Programas de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento permiten prestar ó alumnado que o cursa axudas pedagóxicas singulares. A redución do número de alumnos no grupo permite una atención máis persoal e individualizada; esto propicia a aplicación de estratexias didácticas de axuste e avaliación do proceso de enianza-aprendizaxe ás características de cada alumno. Con todo isto, o clima da aula vese favorecido, o que pode impulsar ó alumnado a manifestar de una maneira máis aberta as súas opinións, dificultades, etcétera.

Por outra parte, as propias características do alumnado que cursan estes programas aconsellan que o aprendizaxe sexa o máis funcional posible. É fundamental que os alumnos perciban dunha maneira clara a conexión que existe entre os contidos que deben aprender e o mundo que os rodea, desde os puntos de vista científico, social, cultural e tecnolóxico. Partir de aspectos concretos pode axudar a que posteriormente se encontren preparados para profundizar e para afrontar un grado de complexidade crecente.

O currículo do ámbito de Linguas Estranxeiras dos Programas de Mellora do Aprendizaxe foron realizados desenvolvendo dunha forma eminentemente práctica os aspectos básicos do currículo da materia que o conforma. O currículo pretende facilitar que os alumnos que cursan un PMAR poidan adquirir as competencias do 1º ciclo da ESO, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

O obxectivo último do programa de mellora do aprendizaxe e o rendemento é que o alumnado alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. No caso do alumnado que non acade a finalidade anterior, procuraremos abrílles as portas para estudos posteriores ou para o mercado laboral.

A metodoloxía a seguir deberá adaptarse a cada grupo de alumnos, rentabilizando ó máximo os recursos disponibles. O aprendizaxe debe plantexarse de forma esencialmente práctica. O profesor debe ter en conta as características destes alumnos cando da forma ós contidos.

Neste sentido, cabe destacar que os alumnos deste curso son alumnos/as que comezan o 2º e 3º curso da ESO sen ter acadados case ningún dos obxectivos de primeiro.

Adoitan reunir varias destas características:

- Teñen serias dificultades na aprendizaxe.
- Gústalles aprender mentres xogan ou realizan actividades lúdicas.
- Teñen pouca imaxinación.
- Non sempre é fácil espertar a súa curiosidade.
- Non sempre lles gusta expresar o que senten.
- Son incapaces de organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.
- Son inconscientes das vantaxes de traballar de forma cooperativa na clase.
- Non todos se expresan de forma coherente e correcta na súa propia lingua.
- Non se senten confiados para expresarse na lingua estranxeira.

5.3. Obxetivos e estándares de aprendizaxe

Segundo establece a lexislación vixente, os obxetivos, estándares de aprendizaxe así como o seu grao mínimo de consecución para a obtención dunha avaliación positiva serán os mesmos que para o curso de referencia (3º da ESO), incluídos nesta programación.

Térase en conta na medida do posible os contidos e secuenciación do curso de referencia tratando de simplificar aqueles conceptos máis complexos.

5.4. Metodoloxía

A metodoloxía deste programa fomentará a comprensión e expresión oral e escrita e o uso das distintas competencias de modo que o alumno poda alcanzar os obxectivos e competencias básicas da etapa.

A metodoloxía será activa, participativa e moi flexible para o cal o profesor empregará unha combinación de técnicas e métodos diversos, presentando unha serie de actividades que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado, usando os instrumentos e recursos necesarios que crea convinte. O profesor adaptárase ás súas necesidades, motivacións e intereses e fomentará que o alumno se interese por aprender e reciclar o xa aprendido. O seu aprendizaxe debe ser entendido como algo utilizable e aplicable na súa futura vida.

No desenvolvemento das 4 destrezas lingüísticas partírase das habilidades xa adquiridas con anterioridade polos alumnos. Estas íranse manifestando a través de diversas actividades cun forte compoñente motivador, que cubran temas de interese para adolescentes, favorezan a discusión dos puntos de vista e o contraste cos adolescentes británicos, e plantexen tarefas de grupo seleccionadas dacordo coas preferencias e capacidades dos alumnos. Asimesmo, deberase facer fincapé extra no uso da lingua estranxeira de modo oral fomentando que os alumnos gañen confianza e perdan o medo a falar nun idioma distinto do seu. Para isto, tratarase de tratar o erro como mecanismo previo á aprendizaxe e non como un obstáculo, reforzando positivamente as actuacións correctas dos alumnos.

Resumindo, o ensino de inglés debe basearse no desenvolvemento de temas de interese para os alumnos que constitúan un fío condutor do curso e fondo sobre o que exercitar contidos acadados previamente e que serán acadados grazas á flexibilización curricular.

A metodoloxía que utilizamos no desenvolvemento do programa debe permitir ao alumnado facerse preguntas, razonar, contrastar, extraer conclusións. Para elo propoñemos as seguintes estratexias metodolóxicas.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS.

Os criterios que tomamos como referencia para a aplicación das estratexias metodolóxicas son os seguintes:

- Fomento da interacción social e do uso do linguaxe.
- Actividades que promovan relacións comunicativas.
- Potenciación da interacción profesor-alumno.
- Emprego do diálogo, os debates e a exposición de ideas.
- Favorecer o aprendizaxe significativo.

- Flexibilidade na organizacin dos espazos no centro para facilitar un clima de traballo e de aprendizaxe.
- Distribucin do tempo suficiente e adecuado o ritmo de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado como protagonista do aprendizaxe e o profesor como o seu facilitador.

En funcin do sinalado anteriormente, adoptamos as seguintes estratexias metodolgicas, que utilizamos en funcin do contexto no que se produce o proceso de ensinanza-aprendizaxe:

-Expositivas. Esta estratexia e a ms aceptable cando os contidos a tratar son moi abstractos e tericos.  recomendable presentar os contidos de modo moi elaborado e mediante un soporte oral ou escrito. Para que sexa efectiva debe ser reforzada mediante a realizacin dalgunhas actividades ou traballos complementarios que lle permita ao alumnado profundizar no tema.

- De indagacin. Esta estratexia  adecuada para o aprendizaxe de conceptos e procedementos e invita ao alumnado a reflexionar sobre as ideas aprendidas e buscar as formas ms adecuadas para traballar con elas.

Tamn debemos mencionar a importancia que tenen as tarefas sin unha solucin clara ou cerrada nas que as diferentes opcins son igualmente posibles e vlidas, que favorecen a profundizacin sobre os problemas complexos.

Un caso particular son os proxectos de investigacin,  dicir traballos de pequena envergadura, nos que os alumnos, individualmente ou en grupo, levan a cabo unha investigacin propiamente dita.

- Deductivas. Esta estratexia facilita que o alumnado mediante a realizacin dunha serie de actividades o ms diversificadas posible, construa os seus conecementos, sendo o profesorado o que desee e organice ditas actividades e intervea guiando o proceso e correxindo os posibles erros e as situacins confusas.

Anda que o Programa de Mellora do Aprendizaxe e o Rendemento constite, en si mesmo **unha organizacin flexible dentro da etapa**, debe considerarse a posibilidade de adoptar dentro da aula os agrupamentos ms variados posibles, para que poidan recibir as

axudas individuais e personalizadas de interacción cos compañeiros e do profesorado, flexibilizándoos segundo as tarefas, preferencias e potenciando a capacidade dos alumnos/-as para traballar en todo tipo de agrupamento.

Nos ámbitos o número de alumnos/as en clase debe ser de 10 como máximo. Isto fai posible:

- Unha mellor atención individual, o que facilita a aplicación de estratexias didácticas de axuste e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe as características de cada alumno.
- Unha mellor adaptación ás necesidades do alumnado.
- O uso de métodos de traballo diversos, máis prácticos e motivantes para o alumno/a.
- Un seguimento e apoio tutorial máis cercano.

A súa vez o clima social da aula vese favorecido e o alumnado pode manifestar dunha maneira máis aberta as súas opinión, dificultades...

5.5. Materiais e recursos

Os recursos materiais para este alumnado serán os mesmos que o centro dispón para o alumnado da ESO: libros de consulta, cadernos de exercicios, textos literarios, mapas e cartografía, material de laboratorio, instrumentos musicais, medios informáticos e audiovisuais (vídeos, diapositivas, transperencias...).

Os materiais existentes deberán ser suficientes e axeitados para permiti-lo traballo con estes alumnos/as.

5.6. 2º PMAR

5.6.1. Procedementos e estratexias por bloques de contidos

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- Comprensión de información xeral e específica de mensaxes sobre temas concretos e coñecidos, cun grado crecente de dificultade.
- Comprensión de mensaxes sencillos emitidos polos medios audiovisuais.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- Participación en conversacións e simulacións sobre temas cotidianos e de interere persoal con diversos fins comunicativos, mantendo o equilibrio entre a frase formal e a fluidez.
- Empleo de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.
- Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversación en actividades de comunicación reais e simuladas.
- Uso apropiado de fórmulas lingüísticas asociadas a situacións concretas de comunicación (cortesía, acordo, discrepancia etc.)
- Valoración da importancia da lingua estranxeira nas relacións internacionais.
- Producción oral de descripcións, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

- Identificación do contido dun texto escrito con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel e dixital, auténticos ou adaptados, sobre temas cotidiáns de interese xeral e relacionados con contidos doutras materias do currículo, mediante a realización de tarefas específicas.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, e aprecio pola literatura como fonte de placer e de coñecemento.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital o multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais o en grupo.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

- Producción guiada de textos estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas.
- Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.

- Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ó lector ó que vai dirixido o texto (formal e informal).
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.
- Interese pola presentación cuidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural Bloque

A) Funciones da linguaxe e gramática.

- Identificación de rasgos que diferencian o código oral e o escrito.
- Uso de estruturas, e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación.
- Saludar, presentarse a sí mesmo e a outros. Expresar hábitos, descripcións físicas, o que gusta e o que non gusta.
- Contrastar accións en curso coas habituais. Fórmulas. Presente simple. Presente continuo. *Can*.
- Expresar cantidade. *A/any/some/a lot of*
- Narrar feitos do pasado e biografías. Pasado simple. *When*. Expresións temporais: *ago/later/when/after/before/then*, etc. Marcadores do discurso: conectores outros recursos de cohesión. Ortografía e puntuación.
- Expresar ideas futuras. Presente continuo. *Will/will not*.
- Describir lugares, dar e pedir información sobre produtos que esixen un proceso de elaboración: música, coches, libros, etc.

B) Léxico.

- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiás e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación de sinónimos, antónimos, “*false friends*” e de palabras con prefixos e sufixos máis habituais.
- Fórmulas e expresións.

C) Fonética.

- Recoñecemento progresivo dos símbolos fonéticos e pronunciación de fonemas de especial dificultade. Pronunciación de formas contractas. Pronunciación da terminación en formas de tempos verbales. Formas febles.
- Recoñecemento e produción de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras y frases.

5.6.2. Contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva en 2º PMAR

Funcións comunicativas

1. Saúdos e presentacións
2. Información persoal
3. Falar de rutinas e accións presentes
4. Dar instrucións
5. Describir lugares e persoas
6. Falar do pasado
7. Falar do futuro
8. Expresión da habilidade
9. Permiso
10. Relatar experiencias

Gramática

1. O verbo *to be*
2. O verbo *have got*
3. *Quantifiers (A/an/some/any)*
4. *There is/there are*
5. O presente simple

6. O presente continuo
7. O pasado simple do verbo *to be*
8. *There was/there were*
9. O pasado simple
10. O futuro con *will*
11. O presente continuo con significado de futuro
12. O verbo modal *can*
13. As formas posesivas
14. Os pronomes obxecto
15. Adverbios

Vocabulario

1. A casa
2. A familia
3. Animais
4. Lugares na cidade
5. Deportes
6. Actividades escolares
7. Xeografía
8. O tempo atmosférico
9. Transporte
10. Comida e bebida
11. A roupa

12. Números
13. Días da semana
14. Meses do ano
15. A hora
16. Preposicións de lugar
17. As partes do corpo
18. As estacións de ano

5.6.3. Criterios específicos de avaliación

Exposición escrita

1. Escribir una redacción curta construída con frases coherentes utilizando o vocabulario estudado o longo do curso.
2. Facer unha descrición dun familiar, ou de calquer tema relacionado co estudado.
3. Escribir acerca de cousas que fixeron no pasado.
4. Escribir acerca de planes para o futuro.
5. Describir un lugar.
6. Escribir acerca dos diferentes tipos de roupa, comida.

Exposición oral

1. Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
2. Descrición de cualidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
3. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
4. Petición e ofrecemento de información, indicacións.

5. Expresión do interés, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
6. Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Comprensión oral

1. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos pronunciadas con lentitude e claridade.
3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, sempre que se poida volver escoitar o dito.
4. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas.

Comprensión escrita

1. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
2. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.
3. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais.
4. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.

5.7. 3º PMAR

5.7.1. Procedementos e estratexias por bloques de contidos

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- Comprensión de información xeral e específica de mensaxes sobre temas concretos e coñecidos, cun grado crecente de dificultade.

- Comprensión de mensaxes sencillos emitidos polos medios audiovisuais.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- Participación en conversacións e simulacións sobre temas cotidianos e de interese persoal con diversos fins comunicativos, mantendo o equilibrio entre a frase formal e a fluidez.
- Empleo de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.
- Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversación en actividades de comunicación reais e simuladas.
- Uso apropiado de fórmulas lingüísticas asociadas a situacións concretas de comunicación (cortesía, acordo, discrepancia etc.)
- Valoración da importancia da lingua estranxeira nas relacións internacionais.
- Producción oral de descripcións, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

- Identificación do contido dun texto escrito con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel e dixital, auténticos ou adaptados, sobre temas cotidiáns de interese xeral e relacionados con contidos doutras materias do currículo, mediante a realización de tarefas específicas.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, e aprecio pola literatura como fonte de placer e de coñecemento.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital o multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais o en grupo.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

- Producción guiada de textos estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas.
- Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.
- Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ó lector ó que vai dirixido o texto (formal e informal).
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.
- Interese pola presentación cuidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

A) Funciones da linguaxe e gramática.

- Identificación de rasgos que diferencian o código oral e o escrito.
- Uso de estruturas, e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación.
- Saludar, presentarse a sí mesmo e a outros. Expresar hábitos, habilidades, descripcións físicas e de personalidade, o que gusta e o que non gusta. Contrastar accións en curso coas habituais. Fórmulas. Presente simple. Presente continuo. *Can. Love/like/dislike/hate.* Adxetivos: posición atributiva e predicativa. Graos de comparación.
- Expresar cantidade. *Much/many/a lot of/ too/ not...enough.*
- Narrar feitos do pasado e biografías. Pasado simple e continuo. *Could.* Expresións temporais: *ago/since/for/after/before/then,* etc. Marcadores do discurso: conectores outros recursos de cohesión. Ortografía e puntuación.
- Preguntar e responder sobre feitos que acabaron ou non terminaron todavía, sobre feitos recentes e experiencias. Presente perfecto + *ever/never/just.* Pasado simple. *When.*
- Facer sugerencias e responder ás mesmas. *Let's... How / What about + -ing? Why don't we...? Shall we...?* Respostas de aceptación, rexeitamento ou suxerencias alternativas.
- Dar consello. *Should/shouldn't.*

- Expresar planes, a idea de futuro de intención, prediccions, probabilidade, posibilidade e promesas. Presente continuo. *Will/will not. Be going to*. Oracions condicionais de tipo I e II.
- Expresar a obriga e a ausencia da mesma. *Have to/don't have to. Must/mustn't*.
- *Should*. Adverbios.
- Describir lugares, dar e pedir informacion sobre productos que esixen un proceso de elaboracion: música, coches, libros, etc. Voz pasiva. Frases adverbiales.

B) Léxico.

- Uso progresivamente autónomo de expresions comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiás e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación de sinónimos, antónimos, "*false friends*" e de palabras con prefixos e sufixos máis habituais.
- Fórmulas e expresions.

C) Fonética.

- Recoñecemento progresivo dos símbolos fonéticos e pronunciación de fonemas de especial dificultade. Pronunciación de formas contractas. Pronunciación da terminación en formas de tempos verbales. Formas febles.
- Recoñecemento e produccion de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras y frases.

5.7.2. Contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva en 3º PMAR

Funcions comunicativas

1. Saúdos e presentacións
2. Información persoal
3. Falar de rutinas e accións presentes
4. Dar instruccións
5. Falar do pasado

6. Facer plans e predicións
7. Expresión da habilidade
8. Posibilidade
9. Permiso
10. Obriga
11. Prohibición
12. Relatar experiencias
13. Comparar persoas e cousas

Gramática

1. O verbo *to be*
2. O verbo *have got*
3. *Like* +sustantivo
4. *Like*+*-ing*
5. *Quantifiers (A/an/some/any/much/many/ a lot of)*
6. *There is/there are*
7. O presente simple vs o presente continuo
8. *Stative verbs*
9. O pasado simple do verbo *to be*
10. *There was/there were*
11. O pasado simple e o pasado continuo
12. O futuro con *will*
13. O futuro *be going to*

14. O presente continuo con significado de futuro
15. Os verbos modais *can / should/ must*
16. As formas posesivas
16. Os pronomes obxecto
17. O pretérito perfecto simple
18. Adxectivos comparativos e superlativos
19. Adverbios
20. O primeiro e segundo condicional
21. A voz pasiva: presente e pasado
22. O pasado perfecto

Vocabulario

1. Números
2. Días da semana
3. Meses do ano
4. As profesións
5. Preposicións de lugar
6. Actividades de lecer
7. As partes do corpo
8. Instrucións
9. Emocións
10. Actividades de vacacións
11. Animais

12. As estacións de ano
13. O tempo atmosférico
14. Transporte
15. Comida e bebida
16. A tecnoloxía
17. O deporte
18. Accidentes xeográficos
19. A moda
20. O arte
21. O espacio
22. A casa e obxectos que hai nela

5.7.3. Criterios específicos de avaliación

Expresión escrita

1. Escribir una redacción curta construída con frases coherentes utilizando o vocabulario estudado o longo do curso.
2. Escribir sobre as actividades do lecer.
3. Facer unha descrición do seu cuarto, a súas vacacións, ou de calquer tema relacionado co estudado.
4. Escribir acerca de cousas que fixeron no pasado.
5. Escribir acerca de planes para o futuro.
6. Escribir consellos para a saúde.
7. Describir un lugar especial.
8. Escribir acerca dos diferentes tipos de roupa, comida.

Expresión oral

1. Iniciacin e mantemento de relacins persoais e sociais.
2. Descricin de cualidades fsicas e abstractas de persoas, obxetos, lugares e actividades.
3. Narracin de acontecementos pasados puntuais e habituais, descripcin de estados e situacins presentes, e expresin de sucesos futuros.
4. Peticin e ofrecemento de informacin, indicacins, opinins e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
5. Expresin do conecemento, a certeza, a duda e a conxectura.
6. Expresin da vontade, a intencin, a decisin, a promesa, a orde, a autorizacin e a prohibicin.
7. Expresin do inters, a aprobacin, o aprecio, a simpata, a satisfaccin, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
8. Formulacin de suxerencias, desexos, condicins e hiptesis.
9. Establecemento e mantemento da comunicacin e organizacin do discurso.

Comprensin oral

1. Comprender o sentido xeral, a informacin esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
2. Identificar informacin xeral e especfica relevante de textos sinxelos pronunciadas con lentitude e claridade.
3. Identificar a informacin esencial, os puntos principais e os detalles mas relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, sempre que se poida volver escoitar o dito.
4. Comprender o sentido xeral e a informacin especfica de conversas claras e pausadas.

Comprensin escrita

1. Comprender o sentido xeral, a informacin esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

2. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.
3. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais.
4. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.

5.8. Avaliación e criterios de cualificación

A avaliación do alumnado que realiza un programa de mellora de aprendizaxe e o rendemento é a establecida con carácter xeral para o alumnado da ESO.

- Os referentes fundamentais da avaliación son as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Esta avaliación será continua e diferenciada segundo os ámbitos do programa e as materias.
- O alumnado é avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesor titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realízanse nos mesmos termos que as materias.

Nos primeiros días do curso académico realizarase unha avaliación inicial para coñecer o nivel dos nosos alumnos avaliando tanto a capacidade de expresión oral como a comprensión.

Avaliarase o seu interese, a súa actitude, o esforzo e a participación activa na aula ademais do traballo diario, tanto dentro da aula como o que o alumno realiza na casa .

Teranse en conta tanto as habilidades coma as dificultades de cada alumno. Valorarase o comportamento dos alumnos cara os compañeiros e o profesor.

5.8.1. Procedementos e instrumentos de avaliacións

PROCEDEMENTOS

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumno na clase.
- Intercambios orais: preguntas na clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Realización de exercicios específicos que respondan aos diversos obxectivos programados na unidade didáctica.
- Revisión e análise das actividades e traballos realizados.
- Observación da actitude e comportamento dos alumnos.
- Proba específica de avaliación da unidade didáctica.

INSTRUMENTOS

- **A técnica da proba non será descoñecida:** Realizaranse con anterioridade ás probas exercicios similares na aula, e incluso se os alumnos o solicitan pódenselle proporcionar modelos de exame de cursos anteriores para que se familiaricen co tipo de exame que se lles fará e o baremo de cualificación que se lles aplicará.
- **As probas deben ser contextualizadas:** Nunha proba oral daranse orientacións sobre as situacións nas que se se desenvolve a conversa e nunha proba escrita, ademáis dos modelos de exame que previamente se poidan facilitar, o profesor explicará previamente as tarefas a realizar.

As **probas escritas** poderán constar das seguintes partes:

- Exercicios gramaticais, de traducción, ditado, pronunciación, vocabulario e redacción.
- Audición dun tema relacionado co explicado na aula.
- Textos relacionados cos temas tratado na clase e adaptado ao nivel dos alumnos con preguntas ou outros exercicios que permitan avaliar a súa comprensión (listening e reading).
- Actividades diarias de clase.
- Elaboración dun texto escrito similar ós traballados na aula (writing).

As **probas orais** poderán consistir en preguntas de tipo xeral que se formularán ao alumno en relación cos temas tratados na aula, en actividades realizadas en parellas que permitan valorar a interacción entre compañeiros ou en lecturas seleccionadas de material non descoñecido para os alumnos tales como o seu libro de texto, o *workbook* . Os alumnos tamén farán presentacións orais sobre temas preparados previamente. Serán tidas en conta:

- Presentacións orais individuais e en pequenos grupos (speaking).
- Diálogos en parellas (speaking).
- Intervencións orais durante as sesións.

5.8.2. Criterios de cualificación

Os alumnos terán un libro de lectura por avaliación que elixiran libremente coa supervisión do profesor. Ó final de cada avaliación os alumnos deben facer unha resumo/ exposición oral que poderá subir a nota final ata un 10%.

A reiterada falta de material, así como a falta de entrega das tarefas asignadas para realizar dentro e fóra da aula terán repercusións negativas na cualificación do alumno.

Haberá como mínimo dous exames escritos e unha proba oral en cada trimestre que avaliarán as distintas destrezas incluíndo gramática, léxico, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita e expresión oral .

Nas probas escritas avaliaránse as distintas destrezas , adxudicándolle a cada unha delas as seguintes porcentaxes:

Gramática e vocabulario (proba escrita)	20%
Listening (proba escrita)	10%
Reading (proba escrita)	15%
Writing (proba escrita)	15%

Writing (entregas)	5%
Speaking (proba oral)	10%
Speaking (presentacións)	5%
Participación e actitude	10%
Traballo na aula e na casa	10%

Para o traballo na aula tamén se terá en conta a asistencia, atención, actitude, participación, esforzo, traballo de casa, colaboración activa e dinamizadora na aula, respecto ó profesor, compañeiros/as, material.

A avaliación será continua.

5.8.3. Criterios de corrección

Criterios de corrección das probas de comprensión.

Para a cualificación das probas de comprensión oral (*listening*) e comprensión escrita (*reading*) non se terán en conta os erros ortográficos ou de expresión sempre que a resposta sexa comprensible.

Criterios de corrección das probas de expresión oral

Na cualificación das probas de expresión oral terase en conta a pronunciación, a adecuación da resposta. Ademais valorarase a variedade léxica e de estruturas sintáctico-discursivas empregadas, a coherencia e a cohesión, a fluidez sen pausas demasiado longas que impidan a comprensión do discurso.

Criterios de corrección da expresión escrita

Para a corrección das probas de expresión escrita (writing) valorarase a adecuación á tarefa requirida (carta, e-mail, entrada de blog, composición), a relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma. No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables.

Asemade terase en conta a coherencia e a cohesión da información e das ideas mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos.

Terase en conta a a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas así como a corrección gramatical (estruturas verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa), corrección léxica e ortográfica aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.

5.8.4. Criterios de recuperación de materias pendentes

A **recuperación** das materias pendentes, realizarase atendendo ao seguinte:

O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta.

5.8.5. Criterios de promoción

A **promoción** do alumnado realízase atendendo aos seguintes criterios:

O alumnado promociona ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa.

Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

O alumnado que promocióne a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades

No tocante a **permanencia**:

O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

6. Metodoloxía didáctica

6.1. Aspectos xerais

- 1.1.Partir da competencia inicial do alumnado
- 1.2.Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- 1.3.Potenciar as metodoloxía activas.
- 1.4.Combinar traballo individual e cooperativo
- 1.5.Aprendizaxe por proxectos
- 1.6.Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- 1.7.Uso habitual das TIC
- 1.8.Papel facilitador do profesor/a

-1.1.PARTIR DA COMPETENCIA INICIAL DO ALUMNADO

-Na primeira quincena do curso terá lugar a recollida de información por parte do profesorado para a realización da avaliación inicial nos cursos da ESO. Poderán ser utilizadas distintos tipos de probas para a valoración das distintas destrezas do alumnado. Así mesmo, valoraranse tamén as actitudes para con a materia e non sóamente a aptitud para a mesma. A avaliación inicial terá data fixada nas primeiras CCPs do curso académico.

-A realización das probas será como o resto das demáis do curso obrigatoria para ó alumnado e se éste faltase de xeito inxustifico ou copiase terá o mesmo tratamento e suspenderá entón o exame, rexistrando o profesorado esta actitude que se porá en coñecemento da xunta avaliadora desta avaliación inicial.

-Así mesmo en cada unidade e apartado a norma será conectar o coñecemento previo, valoralo, terlo en conta e reconectarlo cos novos coñecementos a introducir.

-1.2.TER EN CONTA A DIVERSIDADE E RESPECTAR OS RITMOS E ESTILOS DE APRENDIZAXE.

É un feito que nos encontramos alumnos/as con distintas habilidades dentro da clase. Por esto o material debe ter en conta ó alumnado que ten certas dificultades para alcanzar as capacidades especificadas nos obxetivos da etapa, e tamén ó que desenrola con facilidade as capacidades expresadas nos obxetivos e necesite realizar outras tarefas para non perder interese pola lingua estranxeira. Tamén se ten presente que segundo a etapa vense diferenciando os intereses e necesidades para avanzar no coñecemento e dominio da lingua estranxeira e, por esto, seleccionaranse tipos de textos diversos nos seus contidos e formatos, así como tarefas variadas.

Tendo en conta que aqueles alumnos con necesidade de reforzo son alumnos especialmente desmotivados, totalas medidas de carácter metodolóxico que se tomen deban estar encamiñadas a modificar esta circunstancia.

As adaptacións polo tanto se centrarán en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe

- Metodoloxía mais personalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e tendencias
- Aumentar a atención orientadora

Metodoloxía nas adaptacións:

a) Selección de textos: os textos estarán relacionados con situacións da vida diaria e terán un carácter lúdico-informativo. Terán frases sinxelas e tocarán temas interesantes para os alumnos , por exemplo biografías de actores, folletos turísticos, cartas informais, fragmentos de libros de intriga, etc.

b) Ilustracións: presentarán un nivel adecuado para os alumnos e aclararán calquera dúbida que poida surxir en torno ó contido dos textos.

c) Tipoloxía das actividades:

- Comprensión escrita: actividades que persiguen dende a comprensión global ata o detalle da comprensión selectiva (multiple choice, respostas para ordenar, postas en común).
- Comprensión oral: verdadeiro/falso, preguntas para identificar a persoaxes o recoñecer o tema dun texto, exercicios para ordenar ilustracións, etc.
- Expresión escrita: completar esquemas, corrixir erros, responder a cuestionarios, ordenar e completar frases, redactar descrições, etc.
- Expresión oral: as actividades irán da pregunta directa ó traballo por parellas o en grupos reducidos.

Tipos de adaptacións

a)Colectiva:

Faranse agrupacins especficas nos alumnos de 2 ESO, grupos de alumnos nos que se detecten carencias en conceptos o procedementos bsicos.

-Traballo a partir de textos orais o escritos que sirvan para adquirir o reforzar vocabulario bsico. Actividades que fomenten o interese: sopas de letras, ordenar letras e formar palabras, facer debuxos, utilizar cores etc.

-Traballar estruturas bsicas da lngua en contextos moi concretos e en situacins que lle poidan resultar familiares  alumno

-Uso de recursos visuais para fomentar o interese pola escritura: escribir un relato curto a partir de ilustracins, imaxes de video etc.

-Fomentar o traballo en grupo xa que este favorece o respecto por las caractersticas distintivas de cada alumno.

b)Individual:

Adaptacin curricular. Hai que priorizar:

- aspecto prctico e funcional da lingua: preguntas e respostas curtas

- contexto cotian e familiar: temas moi cercanos a eles e s seus gustos, comidas, aficins, gustos musicais etc

- integracin social: actividades de grupo o polo menos parellas, intercambios comunicativos orais

-1.3.POTENCIAR AS METODOLOXIAS ACTIVAS

As tarefas propostas parten da concepcin de que o aprendizaxe da lingua  un proceso activo no que  importante a participacin persoal naquelo co que se traballa.

Estas estarn deseadas para abordar dun xeito moi especfico as distintas destrezas comunicativas e os elementos lingsticos.

A compresin e expresin tanto oral coma escrita practicaranse a travs de tarefas especficas.

Os textos de lectura e escritura teñen unha especial relevancia e terán como finalidade consolidar os contidos: tipos de texto, pasos a seguir na elaboración dos mesmos, técnicas e estratexias específicas, etc.

En definitiva, facilitarase a relación entre contidos novos e coñecementos previos dos alumnos/as co fin de alcanzar o éxito no proceso de enseñanza/aprendizaxe. Hai que tener en conta que cando os alumnos/as chegan a calquera das etapas xa posúen variadas experiencias e coñecementos na lingua estranxeira; de ahí que se favorezca un enfoque cíclico baseado en áreas temáticas que axudan a progresar desde aspectos concretos a outros máis abstractos e permiten englobar, ou ben complementar, outras tratadas anteriormente. Tamén as funcións do linguaxe se diversifican e concretan en expoñentes lingüísticos suxeridos, permitindo que os alumnos/as utilicen o linguaxe cos mesmos fines, pero utilizando recursos lingüísticos diferentes en función dos seus desexos ou posibilidades.

Os diferentes métodos de aprendizaxe a utilizar por parte do profesor, e sempre tendo en conta que a participación do alumno é fundamental, serán os seguintes:

- Explotación de medios audiovisuais e xogos co fin de proporcionar novos coñecementos dunha forma amena e reforzar os xa adquiridos con outros métodos.
- Uso de material escrito: textos de comprensión, artigos periodísticos, etc, a partir dos cales o profesor poderá transmitir algúns conceptos, ou os mesmos alumnos serán capaces de deducilos.

1.4. COMBINAR TRABALLO INDIVIDUAL E COOPERATIVO

Traballo en parellas e grupos para favorece-la práctica oral e escrita. Aunque é moi importante potenciar o traballo en grupo, xa que os alumnos poden compartir experiencias, afianzar coñecementos, emprega-lo inglés con máis confianza e poden participar todos por igual, debido a situación sanitaria, este ano o traballo en gran grupo deberá casi desaparecer, pasando a organizar todas as actividades

en parella e sempre mantendo a distancia de seguridade. O profesor irá polos parellas intentando resolver cuestións de vocabulario ou aquelas que eles non poidan por falta de medios nese momento. De tódolos xeitos, o profesor tentará de intervir o menos posible, recordándolles que empreguen o inglés para comunicarse cos seus compañeiros.

Traballo a nivel individual no que o alumno ha de ser capaz de interpretar textos e, posteriormente, producilos.

1.5.APRENDIZAXE POR PROXECTOS.

